



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 704/2015.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño,

ACORDO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **22 de outubro de 2015 (xoves) ás 10:00 horas**, coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior do 24 de setembro de 2015.
- 2.- Aprobación da acta da sesión anterior do 8 de outubro de 2015.
- 3.-Solicitude de licenza municipal de obras para conservación de fachada traseira de inmovible sito na Avenida da Estación Nº 32, 1º D, Solicitada por Dª Cristina Magán Reboiras, expediente 25/2015.
- 4.- Solicitude de licenza municipal de retellado de vivenda sita no Lugar de Pedreda nº 97, Iria Flavia, formulada por Dª María Herminia Rey Cajaraville, expediente 75/2015/LU.
- 5.- Solicitude de licenza municipal de obras para colocación de soleira de formigón en horta sita no Lugar de Xoane nº 312, Carcacía, solicitada por Dª Laura Pérez García, expediente 79/2015.
- 6.- Solicitude de licenza municipal de obras para acometida directa a canalización de Gas Natural existente na Rúa Real nº 11, formulada por Gas Galicia S.D.G. S.A., expediente 102/2015.
- 7.- Ocupación de terreos de dominio público para paso de vehículos solicitada por Dona María Isabel Torrente Bentrón, para a entrada dun garaxe da súa propiedade situado na parte traseira da vivenda unifamiliar no lugar de Herbón, nº 85.
- 8.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 1429.
- 9.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 2063.
- 10.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 280.
- 11.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 103.
- 12.- Axuda de inserción social para escolarización. Expediente siuss 1785.
- 13.- Axuda de inserción social para escolarización. Expediente siuss 221.
- 14.- Axuda de inserción social para escolarización. Expediente siuss 153.
- 15.- Axuda de inserción social para escolarización. Expediente siuss 49.
- 16.- Aprobación de facturas e gastos.
- 17.- Aprobación de facturas e gastos reparados suspensivamente pola intervención municipal.
- 18.- Ordenación de pagos nº 14/2015.
- 19.- Gastos de locomoción da interventora municipal.
- 20.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción e dieta do técnico de turismo.
- 21.- Indemnización por gastos de locomoción da monitora deportiva dona Raquel Vázquez Montero.

22.- Indemnización por gastos de locomoción do monitor deportivo don Francisco Vázquez Fernández.

23.- Aprobación da indemnización por gastos de locomoción do Corporativo don Andrés Sanmarco Santos.

24.- Complemento de produtividade ao funcionario da Corporación don J. Marcelino Rivera Rarís por realizar funcións de intervención.

25.- Horas extraordinarias da auxiliar administrativa de secretaría dona Josefina Álvarez Rey.

26.- Horas extraordinarias da conserxe dona Fátima Lapido Agrasar. Ano 2015.

27.- Horas extraordinarias da auxiliar administrativa dona María José Jamardo Castro.

28.- Horas extraordinarias da limpadora dona Manuela Agrasar Oliveira.

29.- Horas extraordinarias da limpadora dona Olga Magán Bentrón.

30.- Complemento salarial de dona Rosana Rodríguez Gil.

31.- Xustificación do pago a xustificar concedido á traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos dona Purificación Regueira Vázquez para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar.

32.- Pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona M^a Dolores Quintáns Longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a técnica de intervención familiar, dona Julia Blanco Fernández, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar.

33.- Renovación do contrato de seguro de póliza vehículo de protección civil Nissan PATHFINDER 8632HGM.

34.- Renovación do contrato de seguro de accidentes colectivos para personal voluntario de protección civil.

35.- Liquidación da taxa por aproveitamentos especiais á empresa comercializadora de electricidade FACTOR ENERGÍA SA, 1^o e 2^o trimestre 2015.

36.- Aprobación da primería certificación-final da obra "Complementario do colector xeral para a nova ubicación da EDAR de Carcacia" (POS 2014).

37.- Aprobación do padrón fiscal da taxa polos servizos de subministración de auga e conservación de contadores e acometidas, saneamento, depuración de augas residuais e canon da auga creado na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia e coeficiente de vertedura e saneamento, correspondente ao terceiro trimestre do 2015 (xullo a setembro).

38.- Liquidación a Espina y Delfín, SL, do importe correspondente ao sobreexceso de facturación de Augas de Galicia ao Concello de Padrón en concepto de xestión e explotación da rede en alta de abastecemento á marxe dereita da ría de Arousa. Exercizo 2014.

39.- Aceptación da titularidade da estrada AC-299 desde o punto quilométrico 0+000 AO 2+160.

40.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Padrón para o acondicionamento da estrada AC-299 Padrón (AC-307) – Padrón (AC-301) entre os puntos quilométricos 0+000 E 2+130.

41.- Adxudicación do contrato de execución da obra "Camiño Cruxeiras de abaixo a límite Concello-Lampai", Expte. 04/2015-OB-PNSP.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tf: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

42.- Rogos e preguntas.

Segundo. Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Terceiro. Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 20 de outubro de 2015

O Alcalde



Asdo. Antonio Fernández Angueira

Ante min

A Secretaria



Asdo. Ana María Ares Álvarez

